

## Johnny “O irlandés”

Diego PALACIOS RAMALLO

Era irónico que alguén como Johnny vivira nunha cidade como Ferrol, ategada de militares, que non aturan á xente coma el. Un individuo lacazán, desaseado, ácrata e violento. Dominado por unha violencia gratuíta e erma. De todos os xeitos, a pesar de ser moi fachendoso e despreciativo con aqueles que non eran coma el, tamén era moi sociable e afectuoso e mesmo querido. O que entraba na súa tasca sabía o que había. Mal viño e peor comida, mais tamén putas.

Gustáballe contar a súa vida, sobre todo a rapaces, máis impresionables que a xente da súa idade. Sentíase moi fachendoso da súa existencia excesiva e vulgar, cun forte cheiro a brutalidade. Cando alguén novo se facía parroquiano do seu local gustáballe invitalo a beber, e cando os seus folgos fedían a viño máis do acostumbrado comezaba a súa historia, mesturándoa con xordas gargalladas onde amosaba as súas encías espidas.

Johnny era, entre moitas outras cousas, irlandés. Alí comezaba a súa historia, de sacristán nunha pequena igrexa nun pobo. Iso facíalle moita graza, subliñaba moito o de sacristán, como se aínda o fose. Como se todos os sacristás fosen coma el.

— Eran tempos de fame, e neses tempos axuda moito estar perto dun cura. — Voltaba rir a gargalladas.

— Daquela morreran moitos e os cemiterios practicamente reducíanse a foxas comúns. Como sacristán tocábame a tarefa de tocar as campás nos enterros.

Pero os ricos non sofren tanto as fames, se cadra perden cartos, mais seguen a vivir sobradamente. Un vendedor de cabalos casaba á súa filla cun bó partido dun condado veciño e celebraba a boda na igrexa onde eu era sacristán. Fora unha boda moi sonada, porque só o traxe da noiva, feito de encaixe da terra, aliviara a fame de varias familias. O pai da noiva ademais ía repartir parte do convite cos famentos aldeanos da bisbarra. Era unha data alegre en medio de tanta miseria.

Mesmo eu estaba convidado ao gran banquete. Xa dixen que neses tempos estar preto dun cura é de moita utilidade. A gargallada e as porcaxas xenivas voltaban aparecer.

— Máis un pequeno incidente veu estragar a festa porque, rematada a cerimonia, ao tocar as campás, levado pola rutina, toquei a morto no canto de campás de voda. Os que xa estaban fora da igrexa, pasada a sorpresa e comprendida a situación comezaron berrar. Os que estaban dentro non tardaron en saír e unirse aos berros de indignación e os insultos. Pensaron que dese xeito botaba unha maldición sobre a parella.—

Johnny bebeu un grolo reflexivo algo pasmado o ollar e unha expresión divertida nos beizos.

— A noiva lonxe de chorar era a que máis berraba. É moi curioso ver como unha nube de encaixe xura como un animal sen educación.

Non tiña moi boa pinta todo aquilo, e mesmo cando toquei campás de voda semellou empeorar. Así que como non tiña moi claro o meu futuro salteei dende o teito da igrexa a un cabalo dos que había por alí. Piquei esporas e desaparecín terra adiante cos seus berros enfriando a miña caluga.—

— Tiña claro que había que fuxir, non só do pobo, tamén do país. Así que fun cara ao mar e subínme a un barco que ía ata Cornualla. Baixeime nun pequeno porto e de alí fun a cidade de Exeter.

Naquel país non había tanta fame, aínda que si os mesmos vicios. Sempre tiveron claro que tratar con putas é moi beneficioso para un home. A despreciativa sociedade prívaa do mínimo que concede a unha muller, o respecto que lle debe un home. Dese xeito quedan desamparadas fronte aos cabróns que as ameazan, chulean e violan.—

Johnny era quen de facer todo iso, non era o típico violento covarde. Era peor, era un violento temerario.

— Aquel rendible negocio dábase para unha boa vida. Mais axiña, cando cheguei ao máximo que podería acadar, atopei ese teito baixo. Abondo máis eu prefería que sobrase. Mudei para

Brighton, onde as perspectivas eran moito máis atractivas. Collín as dúas rapazas máis prometedoras do vello negocio para comezar o novo.

Alí non foi complicado reclutar máis rapazas e alugar un local. As miñas putas atraían unha clientela moi rendible. Os vellos fidalgos e aristócratas devecían por aquelas campesiñas desaseadas e brutas. Os burgueses preferían as refinadas rapazas de Hélène Brandt, que recibía nunha elegante casa cun cenador de aire chinés no xardín. Eu non disfrazaba nen ennobrecía o asunto.

Gustáballe lembrar aqueles linaxudos borrachos burlados polas súas putas. Especialmente aquel día en que Alistair Cowes, que tiña os nomes de tódolos apóstolos e os apelidos de tódolos duques, revolcouse na lama chorando porque Johnny non o deixou pasar.

—Pagas moi mal Alistair, para o que pides. Gasta menos en cervexa.—díxenlle. —As rapazas ríron como pegas ollando polas fiestras do prostíbulo ao fillo de Lady Vinegar coa súa roupa de dandy emporcada coa lama do camiño. Alistair choraba, quizais agardando a que Lady Vinegar o fora recoller e o agarimase. Estiven enredando co rapaz un pedazo, aínda que logo cansamos do patético vicioso e entramos facer cousas máis productivas.

O rapaz seguiu choromicando e retorcéndose no chan entre lama i excrementos de bestas. Estivo alí ata que un arrendado de Lady Vinegar recoñeceu a aquel proxecto de home e levouno onda súa nai. Pasámolo moi ben, mais pagámolo caro tamén.

A tal Lady Vinegar estaba moi ben relacionada.—Johnny voltou rir.

—A Lady Cowes non lle gustaba nada que lle chamasen Lady Vinegar. Mais facíanlo todos no lugar. Chamabámoslle así pola súa linaxe antiquísima, aínda que tamén pola súa pel insanamente branca. Diríase que bebía vinagre.

Aínda que aquela vella fría conseguiu que me pecharan o local. Eu fun ao cárcere e as rapazas a un centro de caridade, deses que poñen as mulleres para que os seus homes non teñan putas coas que foder.

—Non estiven moito de tódolos xeitos.—dixo Johnny despois dunha pausa mesta digna do borracho que era—. Así que cando me soltaron collín un barco en Plymouth e cheguei ata aquí.

—Sempre fuxindo, Johnny.

—Sempre, mais non me arrepinto, porque eu fuxo para adiante. Avanzo, melloro. Xa ves rapaz, comecei entre curas e rematei entre putas. Non foi ese un bo avance?